

Por ORDE do 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 17/01/2018. O obxecto desta orde é regular o procedemento e aprobar a convocatoria de habilitación excepcional e habilitación provisional das categorías profesionais de xerocultor/a, coidador/a, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal dos centros e servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (códigos de procedemento BS800A e BS800B). O prazo de presentación das solicitudes e da documentación correspondente comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 31 de xullo de 2022.

Por ORDE do 31 de decembro de 2018 pola que se realiza a segunda convocatoria pública para o ano 2019 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020. DOG 21/01/2019. Esta orde ten por obxecto realizar a segunda convocatoria para o ano 2019, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e/ou de vías non formais de formación (código do procedemento: TR305A) para un total de 1.350 prazas, nas unidades de competencia que se indican no anexo I e cun total de 5.150 unidades de competencia nas seguintes cualificacións profesionais:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2): 300 prazas.
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2): 250 prazas.
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2): 225 prazas.
- Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2): 225 prazas.
- Tanatopraxia (SAN491_3): 150 prazas.
- Docencia da formación para o emprego (SSC448_3): 100 prazas.
- Operacións auxiliares de fabricación mecánica (FME031_1): 100 prazas.

Prazo de inscrición no procedemento

O prazo de inscrición será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia, ata 11/02/2019.

Xaneiro 2019